Num. 248

FOUCE

Novembro 2006

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

O Ministerio de Agricultura teima en facer un plano leiteiro contra Galiza

■ O departamento de Elena Espinosa manterá aferrollado o 80% da cota leiteira abandonada na súa comunidade de orixe, condenando a Galiza a repartirse as migallas dos dereitos.

■ Ao peche deste Fouce, os sindicatos agrarios ían reunirse co Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, para que faga entrar en razón á súa colega de partido en Madrid. **Páx. 7**



Labregas de todo o mundo confluíron en Compostela no Congreso da Vía Campesina

Viñeron dunha trintena de países convocadas pola Vía Campesina e acollidas polo SLG. Así, labregas de todo o mundo debateron e dialogaron durante catro días, en Santiago de Compostela, para tomar decisións que terán un eco planetario: afondar no traballo polo respecto dos dereitos das mulleres e realizar unha campaña global contra a violencia de xénero. E é que, a pesares da diversidade cultural, os problemas das mulleres son os mesmos en calquera curruncho do mundo. **Páxs. 2 a 5**

A Secretaría das Mulleres acada que as labregas reciban a paga por fill@s

A Secretaría de Estado para a Seguridade Social vén de dar a nova de que as labregas con fillos e fillas menores de tres anos ao cargo poderán cobrar as axudas que lles corresponde por dereito. Desta maneira, o SLG conseguiu unha victoria na loita pola igualdade entre homes e mulleres, despois de recorrer a institucións tan diversas como Vicepresidencia da Xunta, Congreso dos Deputados, Instituto da Muller ou o Tribunal Económico. **Páx. 13**

Frondosas, gando e cogomelos en troques de eucaliptos e piñeiros

No presente Fouce inaugúrase unha nova sección destinada a darlle un espazo propio aos montes veciñais de Galiza. Para comezar, viaxamos ata a parroquia de Meira, no municipio pontevedrés de Moaña, onde a comunidade de montes puxo en marcha un proxecto asesorado pola Asociación Forestal Frouma, consistente en introducir gando vacún para recuperar un dos usos tradicionais que tivo o mancomún nesta bisbarra. **Páx. 10**



TÁBOA

■ **Galiza**

Malestar no sector avícola polas axudas irrisorias para a gripe

Os cartos destinados polo Ministerio de Agricultura para paliar os danos da grive aviaria en Galiza, ás penas chegan para cubrir as perdas que sufriron as granxas avícolas na bisbarra do Deza. O SLG, nunha campaña de asembleas, puido comprobar o malestar xeneralizado dos produtores e produtoras. **Páx. 7**

■ **Viño**

Nace unha nova adega en Barro en plena vendima

Unha reportaxe sobre unha nova adega en Barro, na denominación de orixe Rías Baixas; e a actualidade sobre a vendima, dan contido á sección de viño deste mes. Entre as novidades destacabeis está a constitución de comisións que velarán polo respecto dos contratos. **Páx. 13**

■ **Aldea Global**

Bruxelas planea rematar coa agricultura familiar en Europa

O responsábel de Relacións Internacionais do SLG, Xosé Ramón Cendán, estivo na Conferencia sobre Simplificación da PAC, celebrada en Bruxelas en outubro. Alí, viu que a Comisión defende un modelo agrario que suporía a ruína da agricultura familiar na Unión Europea. **Páx. 10**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Ramón Barreiro, Ero Rozas, Xoán Monasterio, Charo Sánchez Parga, e Isabel Vilalba.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

As labregas do mundo acordan en Compostela loitar contra a violencia

O Sindicato Labrego acolleu, do 18 ao 21 de outubro, o Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina

Do 18 ao 21 de outubro, e co Sindicato Labrego como organización anfitrioa, Compostela acolleu a labregas vidas de todos os currunchos da terra no Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina. Todas as asistentes recoñeceron os seus problemas como comúns, e xuntas acordaron lanzar unha campaña internacional contra a violencia de xénero, e reforzar a loita das mulleres polo respecto efectivo dos seus dereitos.

Durante catro días, o Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina acolleu a labregas de República Dominicana, Guatemala, Bolivia, Ecuador, Brasil, México, Estados Unidos, Vietnam, Corea, India, Indonesia, Francia, Portugal, Suíza, Suecia, Noruega, Austria, Holanda, Castela e León, Euskadi, Cataluña, Asturias e Galiza. Foron catro días de diálogo, reflexión e debates en torno a algunha das cuestións e problemáticas que afectan de cheo ás labregas de todo o mundo, remataba o Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina.

Se houbera que mencionar unha conclusión unánime na que coincidiron todas as participantes, é que a desigualdade que sofren as mulleres labregas, sexa cal sexa a súa forma, é un problema común con independencia do país no que residan. E outro tanto se pode dicir das diversas violencias que padecen.



Fóra dos relatorios e debates, as mulleres da Vía Campesina tamén tiveron tempo para facer saídas de campo a explotacións

Diante desta problemática global, as mulleres da Vía Campesina decidiron actuar tamén de xeito global. En palabras de **Lidia Senra**, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego "hai dúas cuestións nas que imos traballar duramente: primeiro, articular unha campaña mundial para loitar contra as violencias que se exercen contra as mulleres e, segundo, traballar moi forte para que se recoñezan os nosos dereitos como labregas".

Respecto disto último, "farase a todos os niveis, esixindo a igualdade nos dereitos administrativos, no acceso á terra e aos créditos, na recuperación do acceso aos mercados, etcétera". Outro dos compromisos xurdidos do congreso foi estender os debates que se desenvolveron en Compostela a todas as organizacións que integran a Vía Campesina.

"Xuntas, podemos ser máis"

Respecto desta dimensión teórica do evento, a coreana **Yoon Geum Soon**, en representación da Vía Campesina de Asia, afirmou que "o feminismo segue a ser unha ferramenta importante para que as mulleres poidamos ser tratadas como seres humanos, un proceso que nos permite acadar un lugar digno dentro da sociedade, combater as violencias que se exercen contra nós, e tamén reivindicar e reclamar as nosas terras e salvalas das mans das transnacionais e das grandes empresas. O feminismo é, pois, a vía para que as mulleres labregas poidan ter un papel activo e digno no seo da sociedade".

Neste senso, a responsábel da Comisión de Xénero da Vía Campesina, a dominicana **Juana Ferrer**, lembrou que as labregas están a facer unha importante achega ao pensamento e movemento feministas, un feito do que non se tomou conciencia ata este congreso celebrado en Galiza. Ferrer declarou que "regresamos ás nosas rexións e países con moitas ganas e fortaleza para encamiñar este traballo en aras de seguir defendendo os nosos dereitos como mulleres e como labregas".

Pola súa banda, a responsábel en Europa do Comité de Coordinación Internacional da Vía Campesina, a norueguesa **Ingeborg Tangeraas**, enmarcou este evento dentro "dunha loita global para conquistar uns valores determinados, para construír alianzas, para traballar polas culturas e pola defensa do medio ambiente, e tamén polas consumidoras e os consumidores, eidos todos ameazados polas políticas agrarias que se están a impor". Como antídoto contra isto, Tangeraas salientou o traballo conxunto das mulleres en todo o mundo, "nunha rede global na que se inclúe á Comisión Internacional de Mulleres da Vía Campesina, que nos permite formarnos, educarnos, informarnos e, en base a isto, fortalecernos. Teño o convencemento de que as mulleres de Vía Campesina vanse facer cada vez máis fortes para participar de maneira activa nesta loita global".



Un dos resultados máis salientábeis do Congreso foi tomar a decisión de organizar unha campaña contra a violencia

Enlazando con isto último, **Juana Ferrer** expresouno nun slogan: "Xuntas, podemos ser máis", xa que a unión entre labregas xurdida de eventos coma este congreso permite "reproducir e multiplicar os nosos coñecementos, as nosas capacidades e as nosas achegas".

Juana Ferrer, responsábel da Comisión Internacional de Xénero da Vía Campesina

"As mulleres debemos pelexar para que os nosos dereitos se fagan realidade"

A súa voz é a de millóns de labregas en todo o mundo, como responsábel da Comisión de Xénero da Vía Campesina. Aínda así, Juana Ferrer non esquece as súas raíces dominicanas na loita polos dereitos das labregas, un cometido no que vén traballando dende vello dende a Confederación Nacional de Mulleres Campesiñas (Conamuca), referente do movemento feminista e agrario dende hai 25 anos. Por se non abondase, Juana tamén viviu a fundación da Vía Campesina, en 1994, onde non cesou de traballar na forxa dun espazo para as mulleres.

■ Como está a situación das labregas no mundo, tanto a nivel de igualdade como profesional?

A pesares da manchea de leis en todo tipo de foros e organismos, e a pesares de que os gobernos de todos os países do mundo asumiron -e mesmo ratificaron- a igualdade entre o home e a muller, esa paridade non se aplicou.

As mulleres seguimos padecendo un alto índice de desigualdade. Iso exprésase no que ten que ver no acceso a recursos como a biodiversidade, a terra, o crédito, ou os materiais para producir. Nos partidos tradicionais e nos movementos de corte revolucionaria, e nas mesmas organizacións, seguimos enfrontando situacións de falla de participación.

■ Como se pode avanzar cara á igualdade, con que medidas concretas?

Estamos todas de acordo en que fai falla un proceso de concienciación e de educación na sociedade para avanzar no proceso cara á igualdade; pero tamén somos conscientes de que cómpre moita loita e resistencia da muller para acadar eses cambios. Non imos conseguilos só coa educación e a formación dos nosos compañeiros varóns.

A igualdade virá se, a maiores, as mulleres esiximos o cumprimento dos nosos dereitos, dereitos que xa temos e que coñecemos, pero que aínda non se respectan. Daquela, as mulleres debemos organizarnos e pelexar para que eses dereitos se convertan nunha realidade.



A dominicana Juana Ferrer ter a responsabilidade de coordinar a Comisión Internacional de Xénero da Via Campesina

"Tanto no norte coma no sur, padecemos os mesmos problemas"

■ Que sabor de boca lle quedou do congreso?

Foi unha convivencia moi interesante na que semellou que as participantes nos coñeciamos de toda a vida.

Tamén foi bo que se fixese en Europa, pois a moitas labregas do sur permitiunos comprender a realidade na que vivimos as mulleres. Pensamos que as labregas do norte non teñen dificultades, pero este congreso deunos outra visión da realidade.

Estamos convencidas de que a loita debe ser conxunta, norte e sur, e de que as mulleres padecemos os mesmos problemas en calquera parte do mundo.

■ E que concluíron?

Unha das conclusións máis importantes foi recoñecer a necesidade de fortalecer a articulación mundial das mulleres da Vía Campesina, o que supón un traballo en todos os países e un intercambio entre organizacións do norte e do sur.

■ Tamén se decidiu levar adiante unha campaña contra a violencia.

En efecto, imos relanzar a campaña contra a violencia de xénero, e farémolo no Foro Social Mundial de Nairobi. Ademais, seguiremos traballando con varias actividades: O 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero, difundiremos un slogan en todo o mundo; e o 8 de marzo faremos accións de loita e solidariedade en lugares onde a violencia é máis forte, como Ciudad Juárez, Haití, ou África.

"Moitos compañeiros non asumen as achegas que fixemos as labregas"

■ Irene León falounos da grande achega das labregas á humanidade: inventoras da agricultura, coidadoras das sementes, etcétera. Pensa que está debidamente recoñecido todo este labor?

Por unha banda, hai certo recoñecemento das nosas achegas; pero, por outra, é como se non se quixeran asumir. Moitas veces atópaste con debates entre as organizacións nos que os compañeiros, aínda que saben que fixemos esas achegas, non queren recoñecelo. E por iso nos seguen a relegar a un segundo plano na toma de decisións. Pero é importante que ese recoñecemento se vexa, pois inflúe no fortalecemento da organización. De todos xeitos, agora mesmo, o máis importante é que as propias labregas recoñezamos, nós mesmas, esas achegas que fixemos e facemos, pois é a única maneira a través da cal o resto da sociedade pode comezar a recoñecer e asumir a participación efectiva e activa da muller.

■ No congreso sinalouse ao neoliberalismo, á economía de mercado, ás transnacionais, ou á Organización Mundial do Comercio, como principais inimigos das labregas. Por que?

As políticas da OMC, do Banco Mundial e do Fondo Monenario Internacional, expulsan a labregos e ás labregas do seu espazo de vida, do seu territorio. E aí, son as labregas quen máis perden. O maior fluxo de emigración que se dá dos nosos países a outros, ou dende as aldeas ás cidades, está formado por mulleres e mozas. Isto desarticula as familias, e provoca o abandono forzado da terra, o desterro do eido no que vivimos e no que queremos vivir.

Esta emigración aumenta a carga familiar e comunitaria das mulleres que quedan. Ademais, na privatización dos servizos públicos como a sáude ou a educación, as máis afectadas son as mulleres, xa que somos nós as que cargamos coas responsabilidades familiares máis fortes.

■ Sergia Galván propúxolles tres retos ás mulleres de Vía Campesina: avanzar cara a un modelo labrego de feminismo, traballando na súa autonomía, e superar o sentimento de culpa na loita polo poder. Van facer algo para levar isto á práctica?

Xa comezamos a facelo co plan de acción 2005-2008 de República Dominicana: levar o feminismo ao interior das organizacións; definir ferramentas que nos permitan traballar a cuestión da paridade no seo dos colectivos; poñer na axenda política de cada nación as demandas das mulleres; loitar para que as leis asumidas polos gobernos en materia de igualdade se leven á práctica; ou obrigar a unha participación de homes e mulleres ao cincuenta por cento nas actividades formativas da Vía. Estes son puntos dun plan que, ademais, compromete á estrutura de coordinación de Vía Campesina a asumilo como liña política internacional, e como obrigatorio nas organizacións.

nº 248
Novembro de 2006
FOUCE

Labregas s IGUAL

Unhas 150 mulleres de todo o mundo viñeron a Santiago de Compostela para plantar unha semente da que abrollarán os froitos que darán forza á loita polo cumprimento dos dereitos de igualdade, que axudarán a saciar a sede de paridade nas organizacións

Ingeborg Tangeraas
responsábel en Europa do CCI da Vía Campesina



"As mulleres producimos máis do 50% dos alimentos do mundo, un traballo totalmente invisibilizado nas negociacións da Organización Mundial do Comercio (OMC) sobre agricultura. Por iso, este congreso forma parte dunha loita global para conquistar uns valores determinados, para construír alianzas, para traballar polas culturas e a defensa do medio ambiente, e tamén polas consumidoras e consumidores. Eventos coma este axudan a tecer unha rede de solidariedade entre mulleres, amais de formarnos, informarnos, educarnos e fortalecernos".

Sergia Galván
Colectivo Mujer y salud, República Dominicana



"As mulleres da Vía Campesina teñen tres desafíos por diante: primeiro, avanzar na reflexión teórica dun feminismo dende a perspectiva labrega, xa que este é un déficit no proceso de construción do movemento feminista; segundo, seguir a traballar na autonomía como referente vital para a consolidación do movemento de mulleres labregas; e, terceiro, superar a culpa na loita polo poder. Respecto disto último, non debemos disfrazalo, pois o que queremos é que se redistribúa o poder. A nosa loita pasa por rachar os privilexios dos homes, e non temos por que agachalo".

Debra Eschmeyer
National Family Farm Coalition, Estados Unidos



"Polas situacións doutros países descritas neste congreso -Chile, Guatemala, México, etcétera- as labregas de Estados Unidos non están tan mal; nembargante, no meu país, o meirande das labregas teñen a mentalidade de que non poden facer soas o seu traballo e que precisan a axuda dun compañeiro ou marido para sacar adiante a explotación. Hai detalles: cando unha labrega vai soa pedir un crédito a un banco, élle máis difícil obtelo ca se fose home".

Heidi Tombez
Uniterre, Suíza



"As labregas en Suíza non temos problemas de igualdade en cuestións como o acceso á terra e ás axudas, ou como profesionais. Cando as compañeiras de Latinoamérica expuxeron as situacións de extrema pobreza e desigualdade que padecen, cheguei á conclusión de que, como europeas, non estamos tan mal".

Chukki Nanjundaswamy
Karnataka State Farmers' Association, India



"A situación das mulleres labregas na India é moi mala en termos de acceso á terra e asistencia sanitaria. As labregas indias case non temos dereitos, e estamos consideradas como un engadido dos varóns. As labregas somos as máis intocábeis dentro dos intocábeis, no sistema social de castas do meu país"

Yoon Geum Soon
Korea Women Peasants Association, Corea



"Esta foi unha xuntanza moi importante para nós, pois permitiu poñer en contacto a mulleres de Europa, América e Asia, e ter así unha ferramenta útil para a nosa formación, para intercambiar información, e para coñecer de preto a situación doutras mulleres. Unha das conclusións a que chegamos é que o feminismo segue a ser unha ferramenta importante para que as mulleres poidamos ser tratadas como seres humanos, pois permítenos acadar un lugar digno na sociedade, combater a violencia de xénero, e reivindicar as nosas terras para salvalas das transnacionais".

Josie Riffaud
Confédération Paysanne, Francia



"En Francia, nas grandes explotacións xa case non hai mulleres, e se as hai son asalariadas. Nas medianas, polo xeral, as labregas si que traballan activamente as mulleres, pero se o fan con seu cónxuxe, poden ter problemas coa titularidade da explotación e, en caso de divorcio, poden perdelo todo. Onde si dominan as mulleres é na venda directa da produción das pequenas explotacións, e a importancia da muller neste eido é fundamental. Polo demais, na miña organización réxese por criterios de paridade, seguindo o exemplo da propia Vía Campesina".

Justina Inês Cima
Movimento de Mulheres Camponesas, Brasil



"As labregas brasileiras padecemos aínda bastante discriminación. Avanzamos co Movimento de Mulheres Camponesas, pero temos un gran desafío no eido da liberación das mulleres e na transformación da sociedade. Non podemos avanzar na igualdade se non transformamos unha sociedade que, agora, é capitalista, patriarcal e machista.

Creo que o Sindicato Labrego Galego está a facer unha grande achega ás mulleres do mundo, e este congreso foi extremadamente positivo".

Hillevi Gunnarsson
Nordbruk, Suecia



"En igualdade e acceso á terra, en Suecia non nos podemos queixar, pero emos problemas cando os ingresos da explotación non chegan para manter á familia. Aí, quen remata por buscar traballo fóra é a muller que, por riba, segue axudando no agro. Por esa razón, moitas mozas abandonan o medio rural.

Arantza Arrien
Euskal Herriko Nekazarien Elkartasuna, Euskadi



"A situación laboral de las labregas de Euskadi é moi semellante á das galegas: moitas son invisíbeis e non constan en ningures, sen titularidade nin cotización á Seguridade Social, mesmo invisíbeis nas organizacións e nas cooperativas. Así e todo, estamos ilusionadas loitando pola paridade dentro das organizacións".

ementando DADE

agrarias, ou que se empregarán como antídoto contra todas as formas de violencia de xénero. Non son problemas propios das labregas do sur, senón de todas en calquera parte do mundo en que se atopen. Velaí a testemuña dalgunhas delas.

Juana Mercedes, Coordinadora Nacional de Mujeres Campesinas, Rep. Dominicana



"En República Dominicana, hai una desigualdade moi grande para as mulleres en xeral. No caso particular das labregas, como viven en comunidades que non teñen acceso aos servizos sociais, padecen unha situación aínda máis precaria. A desigualdade padecémola todas as mulleres, con independencia da profesión".

Juana Cossío, Federación Nacional de Mujeres Bartolina Sisa, Bolivia



"Nas zonas urbanas de Bolivia, o meirande das mulleres dedícanse a comerciar para sobrevivir, pois non hai traballo, vendendo verduras ou facendo calquera negocio; no rural, as mulleres traballan xunto aos homes para mellorar, pois os ingresos case non chegan para pagar os estudos d@s fill@s".

Karin Okonkwo-Klampfer
Österreichische Bergbauernvereinigung, Austria



"A nosa lexislación, como en calquera outro estado, marca a igualdade entre homes e mulleres e, consecuentemente, entre labregos e labregas. O propio Estado fomenta moitos programas conducentes á igualdade. A pesares desta igualdade xurídica e destas campañas, segue a haber deficiencias".

María José Garra Aparicio
Plataforma Rural, Palencia



"En Palencia, predomina o cultivo de cereal en grandes extensións, onde todos son homes. A muller queda na casa e, de facer algo, leva unha horta familiar. Como horticultora ecolóxica, creo que son a única. Polo demais, o que máis me gustou deste congreso foi poder contactar con mulleres de tan diversa procedencia".

Ana Gonçalves, Associação das Mulheres Agricultoras e Rurais, Portugal



"A agricultura familiar en Portugal sofre un proceso de abandono. Normalmente, quen deixa a actividade é o home, sendo a muller quen fica sobrecargada cos traballos do campo, os animais, os fillos e fillas, a xente maior, etcétera. No Portugal, loitamos agora para que se reforme a Seguridade Social, que está en 185 euros por mes e persoa no sector agrario, insostíbel na agricultura familiar. O peche dos centros de saúde e maternidades no rural, desertiza as aldeas, e impón máis obrigas ás mulleres".

Isabel Vilalba
Sindicato Labrego Galego, Galiza



"Grazas a este congreso, identificamos que a nosa loita tamén está dentro do feminismo, pero coas singularidades de sermos labregas. Tamén foi importante identificar os nosos problemas profesionais, que son comúns, aínda que con diferenzas. As europeas estamos máis centradas na loita polos dereitos administrativos na explotación; e noutros lugares reclaman cambios fondos como a reforma agraria, ou o acceso á terra e a outros recursos".

Marta Estrada
Comité de Unidad Campesina, Guatemala



"En Guatemala, non temos dereitos. Se imos traballar como xornaleiras, págannos a metade cá un home. Agora, os grandes terratenentes xa non pagan por xornada, senón por produción, de maneira que perdes todo o valor que tiñas como persoa. Cobras segundo o que colleites, de maneira que tes que levar a todos os nenos e nenas da casa para tentar apañar o quintal de café que che esixen. Nas maquilas, antes as mulleres tiñan un horario; agora, como esixen tamén produción, levar as prendas a casa. Cada día, o costal co que temos que cargar é máis grande".

Vu Le Y Uoan / Nguyen Thi Ma, Vietnam Farmers Union, Vietnam



"En termos de igualdade, houbo grandes avances nos últimos anos en Vietnam, sobre todo porque, dende o Goberno, promoveuse un programa de fomento da igualdade que se leva á práctica sobre o terreo. A igualdade é un camiño cara ao que avanzamos no Vietnam, tanto no plano xurídico -os dereitos e deberes son iguais no acceso á terra, e aos servizos sociais e sanitarios-. Estamos de camiño cara a igualdade en todos os ámbitos relevantes, e nós como sindicato somos quen levamos á práctica programas gobernamentais para que esta igualdade sexa unha realidade".

Eugenia Flores
Coordinadora Nacional Plan de Ayala, México



"Nos últimos catorce anos houbo unha forte recesión da profesión labrega da que saíron prexudicados homes e mulleres, pero máis as mulleres, que ficaron nas comunidades sen terras e buscando os ingresos nas maquilas ou como traballadoras domésticas, mentres que os homes marcharon. A pesares de que no meu país houbo unha importante reforma agraria, falloulle dar sustento á propiedade das mulleres. En canto ás xornaleiras, cobran só dúas terceiras partes do que lle pagan a un home polo mesmo traballo e horas; trátase dunha importante discriminación laboral".

Irene León, Alai / Fundación Ecuatoriana de Acción, Estudios y Participación Social, Ecuador



"As transnacionais pretenden ser as *actoras* do que as mulleres levan séculos facendo. Por iso, as labregas debemos dicir non ao imperialismo, non á OMC, e non á lóxica capitalista e patriarcal, pois pretenden expropiarnos non só dos nosos coñecementos; senón tamén da terra, que é o espazo de creación, produción e reprodución do noso xeito de vida. Debemos reclamar o dereito a vivir no campo, e a mantelo como entidade de vida, como resistencia ao urbanocentrismo globalizador. É unha cuestión de vida ou morte para a humanidade".

nº 248
Novembro de 2006
FOUCE

Editorial

Por que a titularidade compartida, ou cotitularidade, nas explotacións agrarias?

Se dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego tivésemos que escoller un reivindicación profesional fundamental para as mulleres labregas, esta, sen dúbida, sería a loita pola titularidade compartida ou cotitularidade das explotacións agrarias. Na nosa realidade, a situación habitual é que, cando se trata dunha explotación agraria dimensionada, saneada e rendible economicamente, o titular é o home, a pesares de que nelas a dedicación da muller ao traballo é tamén total. As mulleres son só titulares cando están solteiras, viúvas, ou cando o cónxuxe traballa noutros sectores. Mesmo non é raro que, en situacións nas que o marido traballa fóra, aínda así, sexa tamén o titular.

O traballo que desenvolve a muller na explotación agraria familiar contribúe a unha bolsa común, aínda que só na teoría, porque nos papeis vai a un fondo que ten un único titular: o home. É un traballo que, legalmente, non lles achega ás mulleres de xeito directo e persoal ningunha remuneración, dereitos sociais ou identidade profesional, porque mesmo se lles cuestiona que sexan traballadoras.

Á Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego chegan, continuamente, casos de labregas ás que se lles están negando dereitos e axudas por esta situación de invisibilidade.

a) LABREGAS con fillos e fillas menores de tres anos ás que a Axencia Tributaria lles negaba as axudas de cen euros mensuais, alegando que non estaba demostrado que tivesen actividade agraria, por non dispor de ingresos propios (cousa imposible, porque só se lle poden imputar aos titulares).

b) LABREGAS ás que se lles nega o acceso ás axudas de cesamento anticipado na actividade agraria por non teren ingresos propios nun determinado período.

c) LABREGAS que, cando reciben en herdanza parcelas agrícolas, non poden aplicar as deducións de explotación prioritaria e, polo tanto, teñen que pagar grandes cantidades de diñeiro porque non son as titulares da explotación.

d) LABREGAS ás que se lles denega a alta na Seguridade Social Agraria por non teren folla de saneamento ao seu nome nin contribución rústica.

> ***"Cando se trata dunha explotación agraria dimensionada, saneada e rendible economicamente, o titular é o home, a pesares de que nelas a dedicación da muller ao traballo é tamén total. As mulleres son só titulares cando están solteiras, viúvas, ou cando o cónxuxe traballa noutros sectores. Mesmo non é raro que, en situacións nas que o marido traballa fóra, aínda así, sexa tamén o titular".***

e) LABREGAS que fican sen nada cando sofren un proceso de separación, e iso despois de levar toda unha vida traballando no agro, xa que hai toda unha serie de dereitos administrativos que só se lle recoñecen ao titular da explotación agraria.

f) LABREGAS que, tras falecer o seu cónxuxe, quedan sen nada porque outros herdeiros legais dispoñen de todos os dereitos administrativos que antes tiña o titular, sen que ela teña a súa participación recoñecida.

g) LABREGAS que sofren a diario, e de múltiples xeitos, as consecuencias de non figurar en ningún sitio. A falta de visibilidade como traballadoras fai que, cando se estudan os pesticidas, por exemplo, non se teña en conta particularidades coma o sistema físico e hormonal das mulleres ou a incidencia nunha xestante, con todos os perigos que isto representa. O factor sexo tampouco se tivo en conta na determinación do cadro de enfermidades profesionais, polo que hai moitas mulleres que non conseguen que se lles recoñezan pensións de incapacidade pese a non poder traballar, etcétera.

Todos estes casos teñen nomes e apelidos de mulleres galegas. Coa titularidade nas explotacións preténdese que os dous cotitulares teñan a plena administración da explotación, co dereito a intervir nas cousas comúns e tendo, sobre o todo, unha cota independente. Unha situación de cotitularidade plena fará administrativamente posible que os dereitos lle pertenzan á explotación e, polo tanto, sexan dos dous cotitulares a partes iguais.

E nesa fronte vai seguir traballando a Secretaría das Mulleres do SLG ata que a igualdade entre labregos e labregas sexa plena e real.



O Ministerio teima no seu plan leiteiro deseñado contra Galiza

Os tres sindicatos agrarios demandaron do Presidente da Xunta que esgote as vías de negociación

O Ministerio de Agricultura fixo ouvidos xordos ás protestas de miles de gandeiros e gandeiras de Galiza ao converter en proxecto un plano leiteiro contra o que se manifestou a totalidade do sector no noso país. Desta maneira, a Ministra, Elena Espinosa, dálle para adiante a un sistema de reparto de cota que obriga a que o 80% dos dereitos abandonados fiquen na súa comunidade de orixe; e só o 20% vaia para a reserva con algunha posibilidade de que se reparta noutras zonas do Estado. O Sindicato Labrego xa anunciou a súa firme oposición a este plano.

Este sistema marxina directamente ás explotacións galegas, que representan o 55% do total que se manteñen activas a nivel estatal; e converte en foto fixa un reparto inxusto que as condena a ter que apañarse co 35% do dereitos produtivos, e a ficar a maioría por baixo da media do Estado.

Diante da teimosía do Ministerio, os tres sindicatos agrarios galegos rexistraron, o pasado 20 de outubro, unha petición oficial na ante a Xunta para que o seu Presidente, Emilio Pérez Touriño, esgote todas as vías posíbeis de negociación para que o Goberno Central non cometa un novo atentado contra o sector leiteiro galego. A entrevista foi concedida para o 8 de novembro, data na que o presente Fouce xa estaba pechado.



A Ministra, Elena Espinosa, fixo ouvidos xordos ás protestas masivas contra o plano leiteiro

Para o responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego, Xabier Gómez Santiso, que foi un dos representantes que entregou a petición dirixida a Touriño, é "ilóxico e inxusto que os dereitos abandonados polas explotacións que pechan fiquen en comunidades autónomas onde a media produtiva por explotación supera en moito á media estatal". Santiso explicou que, pola contra, "o plan debería tentar facer viábeis o máximo número de explotacións posíbeis, e para iso só hai que facer algo moi sinxelo: darlle prioridade no reparto a aquelas que non cheguen á cota media no Estado, que en Galiza son a maioría". En efecto, no noso país hai unhas 13.100 explotacións que non chegan á media produtiva estatal, fronte a 3.000 que a superan; é dicir, o 80% das nosas explotacións sobrevive cunha cota leiteira por baixo da media.

Finalmente, o SLG ratificou a súa máis firme oposición ao plano leiteiro estatal, e fixo pública a súa intención de emprender as medidas de forza que considere necesarias ata que o Ministerio de Agricultura reconsidere a súa decisión e lexisle a favor dos intereses da maioría dos gandeiros e gandeiras para quen goberna, que son @s de Galiza.

Malestar na avicultura galega polas míseras axudas para a gripe aviaria

O Sindicato Labrego, no seo dunha campaña de asembleas informativas sobre as axudas aprobadas polo Ministerio de Agricultura para paliar as perdas da gripe aviaria, constatou un fondo malestar no sector avícola galego.

O motivo fundamental da insatisfacción é que as axudas ministeriais para compensar as perdas sufridas pola gripe aviaria son manifestamente insuficientes. Trátase dunha compensación pola non entrada de aves nas explotacións entre o 1 de outubro de 2005 e o 31 de abril de 2006 e, en base ao mesmo período dun ano antes, pagan 20 céntimos por cada polo que deixou de entrar na granxa.

A realidade é que as explotacións non perderon moito por mor da diminución na entrada de aves, senón que sufriron o groso das súas perdas pola caída de prezos provocada pola histeria da gripe aviaria: entre 3.000 e 4.000 euros por cada granxa de tamaño medio nos sete meses do período citado.

Para o SLG, o Ministerio deseñou unha liña de axudas que lle saen moi baratas e que non compensan, nin de lonxe, as perdas do sector avícola.

A modo de exemplo da cativeza destas subvencións, só nas explotacións avícolas da bisbarra do Deza a crise provocou uns 480.000 euros de perdas. Precisamente, é esa a cantidade de cartos a que ascende a partida orzamentaria para estas axudas destinada polo Ministerio de Agricultura para toda Galiza. Para o responsábel do sector avícola no Sindicato Labrego, Gabriel López, "as axudas deberían aumentar pois, por se non abondase o feito de que son cativas, ficaron fóra delas algúns tipos de produción como a artesanal".

Así as cousas, o Sindicato Labrego Galego púxose a traballar directamente coas industrias na busca de establecer contratos homologados coas explotacións integradas nelas que garantan a viabilidade do sector e eviten abusos.

O SLG propicia a venda directa de carne de vacún na feira de outono de Pontevedra

O Sindicato Labrego, a través da Asociación de Pastoreo Pasdeza, levou vacas de carne á feira de outono de Pontevedra, o 11 e o 12 de novembro, para mostrar ao público e vender. Trátase dunha iniciativa pioneira de comercialización na que os consumidores e consumidoras souberon de primeira man o que mercaban, sen intermediarios; e na que puideron escoller entre reses das razas autóctonas Loura, Cachena, Caldelá e Vianesa; e ovella galega.

A iniciativa tivo a súa orixe na campaña contra a Organización Mundial do Comercio OMC que fixo o SLG en 2005. Neste marco, realizáronse varias experiencias destinadas a acadar mellores prezos para varios produtos agropecuarios en orixe, entre eles a carne, a través da venda directa.

A raíz disto naceu Pasdeza, que comezou cunha vintena de socios e socias e hoxe agrupa a unhas corenta explotacións gandeiras de todos os municipios da comarca do Deza. A asociación aposta por un modelo pecuario labrego e sostíbel, en base á terra, eliminando achegas de químicos e proporcionándolle ás reses proteína de orixe vexetal. Mesmo están investigando en Mabegondo a xestión integrada do zurro, e a substitución da soia na alimentación do gando por chícharos e triticale (cruce de trigo e centeo).

nº 248
Novembro de 2006 FOUCE

Campaña oficial para erradicar as enfermidades do gando vacún en Galiza

A Consellería do Medio Rural realizará durante os vindeiros meses unha actuación sanitaria na gandería bovina galega orientada á consecución do estatus de Galiza como territorio oficialmente indemne á brucelose bovina.

A campaña está inserida dentro dos programas de erradicación presentados po Estado e aprobados pola Unión Europea, e as mostras tomadas permitirán realizar o diagnóstico doutras enfermidades na cabana gandeira galega.

A actuación, que vai ser realizada polos servizos veterinarios oficiais, é o comezo do funcionamento dunha unidade permanente de epidemio-vixilancia que permitirá avanzar no status sanitario das nosas explotacións.

A visita dos veterinarios ás explotacións para o inicio de probas non significará a inmobilización das mesmas. As follas de saneamento emitidas en 2006 manterán a súa vixencia e só serán modificadas no caso de detectarse, tras a realización das probas, algunha sospeita de positividade.

Dende a Consellaría de Medio Rural, agárdase contar coa colaboración do sector vacún galego para optimizar os resultados do traballo realizado.

Sabedoría popular e festa na romaría do SLG en Ordes

Nesta ocasión, @s asistentes compartiron as experiencias máis anovadoras nos quefaceres labregos

Xa vai para catro anos que as labregas e labregos da comarca de Ordes se xuntan na Romaría "Por un mundo rural vivo", que este ano elixiu como escenario a área recreativa d'A Carballa, entre as parroquias de Olas (Mesía)e Abellá (Frades). Como xa é habitual, cadaquén levou os seus produtos para facer unha exposición que, este ano, fíxose baixo o lema "Temos sabedoría, aprendémola, transmitímola, dámoslle futuro".

Baixo o dunha agrupación musical da comarca, nesta ocasión quixemos que o tema central da festa fose compartir as experiencias anovadoras que as labregas e labregos da bisbarra están levando a cabo. A primeira experiencia trataba dunha nova forma de xestión de explotacións, e contáronnola Marisol e Xoán, da parroquia fradense de Añá, ambos soci@s dunha cooperativa que comezou a funcionar hai catro anos. Nela, agrúpanse catro explotacións da mesma parroquia que se uniron, esencialmente, para mellorar en calidade de vida. Hoxe, teñen o traballo organizado de tal xeito que contan con días libres, fins de semana e vacacións en Nadal e verán. Ademais, a cooperativa tamén lles permitiu abaratar algúns custes de produción.

Outra das experiencias foi a de Fernando Conde, labrego do Concello de Ordes que, despois de dedicarse a outro traballo, decidiu volver para a granxa que seus pais tiñan no Bidueiro. Ante a escaseza de dereitos de produción no leite, decidiu rendibilizar os que tiña facendo queixos, e vendéndoos directamente, sen intermediarios. Tamén innovou incorporándolle outros produtos ao queixo, como marmelo ou froitas. Hoxe en día ten un mercado consolidado e unha demanda estábel do seu produto.



A romaría do SLG en Ordes congregou a unha chea de xente da bisbarra para ensalzar o traballo, saberes e produtos labregos

De venda directa tamén nos falaron María Pardo e Xosé de Cerceda. María é titular dunha explotación de horta, xurdida da reconversión dunha pequena gandería familiar. Traballa xunto a unha compañeira que ten contratada. O seu mercado está canalizado a través dunha cooperativa, e son trece os socios e socias que lle venden. Na actualidade, están barallando a posibilidade de ter tendas propias e vender directamente, poñendo en valor o produto fresco e de calidade fronte aos intermediarios e as grandes cadeas de distribución.

Por último Xosé Manuel de Oroso, Xoán de Frades e Andrés, técnico do SLG na comarca, falaron da introdución do chícharo como cultivo forraxeiro, experiencia que contou cun programa de axuda da Deputación. Xosé Manuel cualificou como "moi boa" esta primeira proba, a pesares que a seca limitou a produción.

Tamén estivo presente a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, que fixo fincapé na importancia do traballo labrego, na posta en valor dos seus produtos e na creación de mercados locais.

Entre tanta conversa, chegou a hora do xantar, no que se compartiron os alimentos que cadaquén trouxo das casas. Entre risas, xogos, baile, música e queimada, pasou o tempo e, a partir das 17:30 horas algunha xente tivo que ir partindo cara os seus fogares para volver ao traballo, despedíndose ata a seguinte.

Un ecoloxismo mal entendido ameaza o desenvolvemento do regadío na Limia

O Sindicato Labrego asistiu, o pasado 24 de outubro, á xuntanza convocada polo Instituto do Campo e a Comunidade de Regadores de Antioquía que se celebrou en Xinzo de Limia. Nela, o director do Instituto do Campo, Lucio García, denunciou a tardanza con que a Confederación Hidrográfica tramita a concesión de caudal das comunidades de regadores Lamas-Ganade, Corno do Monte, e Alto Limia.

Ademais, tamén fixo fincapé nos atrancos que está a poñer coas súas alegacións a Asociación de Historia Natural, atrasando a concesión de caudal. Se estas concesións se demoran moito, hai perigo de quedar sen as axudas do Plan Hidrolóxico Nacional. Si isto acontecese, a Limia perdería unha oportunidade histórica de modernización dos seus regadíos.

Para facer fronte común, nesta xuntanza decidiuse crear unha Confederación de Regadores da Limia, coas comunidades regadoras xa constituídas, para atender as futuras alegacións e para pedir amparo ás administracións competentes: concellos, Consellaría de Medio Rural, e Consellaría e Ministerio de Medio Ambiente.

Para o SLG, cómpre modernizar estes regadíos por moitos motivos. En primeiro lugar, así regularase o consumo de auga e propiciarase un uso máis racional da mesma; en troques da anarquía actual, coa extracción dende cursos de auga e pozos con motores, moitas veces denunciadas e multadas. Ademais, a modernización melloraría os rendementos grazas á redución dos custes de produción; posibilitaría a diversificación de cultivos, reducindo a dependencia de patacas e cereais; e eliminaría dos ríos os motores para achicar auga, manténdose o caudal ecolóxico e os corredores verdes.

Espazos protexidos de costas á xente da Limia

Na xuntanza de regadores tamén se falou dun estudio hidrolóxico e de hábitats da Universidade de Vigo. Existe a sospeita de que ese estudio se poida empregar para declarar determinados eidos como reservas ou zonas de especial protección para as aves (ZEPA), e lugares de interese comunitaria (LIC), o que limitaría as actividades económicas da comarca.

Para o SLG, calquera iniciativa para declarar zonas protexidas, debe contar coa participación das labregas e labregos da bisbarra, pois son o motor económico da Limia, garanten o entorno, e teñen na terra o seu medio de vida principal. Neste senso, o responsábel do SLG na Limia, Anxo Pérez Rúa, lembra que "a mellor maneira de conservar a biodiversidade é conver-tela nun instrumento de desenvolvemento da poboación rural, e non acoutar zonas de costas á xente. Iso só levaría a beneficiarse das zonas protexidas a persoas ben situadas economicamente que viven lonxe da bisbarra e acudirían a ela como turistas".

Cendán advirte que o modelo agrario da CE arruinaría o medio rural galego

O responsábel de Relacións Internacionais do SLG participou na Conferencia de Simplificación da PAC

O responsábel de Relacións Internacionais do Sindicato Labrego, Xosé Ramón Cendán, estivo na Conferencia sobre Simplificación da Política Agraria Común (PAC), celebrada en Bruxelas do 3 ao 4 de outubro, e presidida polos comisarios de Industria, Günter Verheuhen, e de Agricultura, Mariann Fischer Boel. Fíxoo como membro da Executiva da Coordinadora Labrega Euroepa (CPE), e as novas que trouxo a Galiza son preocupantes: a Comisión Europea pretende perpetrar unha liberalización brutal da agricultura da Unión.



Xosé Ramón Cendán fixo partícipes aos medios de comunicación das novidades de Bruxelas

Para simplificar a PAC, a Comisión Europea propuxo unha vía técnico xurídica, consistente nunha redución da burocracia; e outra vía política, cuxas medidas atentan directamente contra a pequena e mediana agricultura, maioritaria en Galiza, coa única fin de industrializar os sectores agrarios.

Unha das medidas máis prexudiciais sería a desaparición dos controis de produción, como o sistema de cota leiteira. Isto suporía a desregularización total do mercado ou, o que é o mesmo, a aplicación da lei do máis forte, de maneira que medrarían as granxas con máis capacidade financeira para industrializarse, a costa do peche de miles de pequenas e medianas explotacións; e o medre sen control da produción provocaría, ademais, a caída dos prezos. Isto traería consecuencias graves como o aumento do paro agrario, unha agudización do despoboamento rural, e o abandono da terra cunha das súas consecuencias máis destrutoras: os lumes.

Tamén informou Cendán que a Comisión pretende obrigar a unha desvinculación total das axudas comunitarias con respecto da actividade agropecuaria. Ao poder cobrarse as primas sen necesidade de producir, abandonaríanse aquelas explotacións que non son rendíbeis pola súa dificultade, como o vacún de carne na montaña galega, sector que podería desaparecer se aplican as directrices de Bruxelas.

Finalmente, outra das pretensións sería a de desmantelar a pouca intervención que se practicaba dende a Unión Europea (por exemplo, cando se adquiría leite que non se daba vendido para almacenalo, ou transformalo en manteiga ou po). Isto provocaría crises periódicas nos diversos sectores e caídas de prezos cando o mercado non dese absorbido a produción, forzando paradas na actividade, para volver repuntar cando o mercado o esixise. Evidentemente, a isto non lle podería facer fronte ningunha pequena ou mediana explotación.

En resumidas contas, as intencións da Comisión Europea son as de someter ás actividades agropecuarias a un brutal proceso de industrialización sen ter en conta os tremendos custes medioambientais, sociais e económicos que isto traerá canda si. Para Galiza, aplicar estas directrices, sería un auténtico desastre que destruiría o meirande do tecido económico e social do noso medio rural.

Quen queira cobrar as axudas do gasóleo deberá conservar as facturas de carburante

O goberno do Estado terá que devolver aos labregos e labregas o imposto de hidrocarburos que grava o gasóleo B ou agrícola. O procedemento para facer a devolución estase traballando e, posibelmente, nas próximas semanas teremos un primeiro borrador.

Deste xeito, no primeiro trimestre de 2007, se cumpre os seus compromisos, o Goberno terá que devolver uns 7,87 céntimos de euro por litro para todo o gasóleo agrícola adquirido.

Isto é resultado do acordo do gasóleo asinado polo Ministerio de Agricultura a fins do ano 2005. Daquela, estableceuse como condición para a devolución do imposto que os prezos sen IVE do gasóleo agrícola tiveran sido superiores á media dos valores pagados en 2004 e 2005. Segundo a propia Administración, isto cumpriuse.

Polo tanto, é moi importante que quen queira cobrar esta compensación conserve as facturas do gasóleo agrícola desde o 1 de outubro de 2005 até 30 de setembro de 2006, porque van facer falta para acceder á devolución do imposto sobre hidrocarburos. Cando saia a normativa, darase cumprida conta no Fouce e nos locais comarcais do SLG.


O SLG tivo que mobilizárase en solitario, a finais do 2005, para reclamar o gasóleo profesional

nº 248
Novembro de 2006
FOUCE

Frondosas, gando e cogomelos en troques de eucaliptos e piñeiros


A Asociación Forestal Frouma deseña un proxecto para introducir vacas e cabalos nos montes de Meira

A reportaxe que tes nas mans inaugura no Fouce unha nova sección dedicada aos nosos montes, parte fundamental da economía rural do país que, ata o de agora, non tivo un espazo propio nas páxinas deste periódico. E facémolo da man da comunidade de montes de Meira, en Moaña, onde decidiron recuperar o uso social que tiveron sempre as súas terras, pero adaptado aos novos tempos. Un pulso contra unha historia imposta polo franquismo, que só concibía o monte como produtor de pasta de papel, e a costa de desterrar del á veciñanza.

Valentín Piñeiro, actual presidente da comunidade, conta como se valeu o poder para botar á xente das propiedades veciñais. Dende a introdución de lobos para rematar co gando, ata a imposición de multas. Os resultados aínda se padecen hoxe, pois en troques de ser un espazo para a xente, nas 460 hectáreas mancomunadas de Meira aínda predominan os eucaliptos e os piñeiros, monocultivos que, amais de impedir o gozo deste espazo natural, son un pasto idóneo para as lapas.

Nembargante, esa explotación do monte para sacarlle un rendemento inmediato a costa das xeracións presentes e futuras, ten os días contados. Xa son varios os proxectos en marcha para que estes montes de Meira recuperen a importante función social e ecolóxica que tiveron antano.

Así, en abril de 2006, a Asociación Forestal Frouma redactaba un proxecto para producir carne ecolóxica a partir de vacas da raza Cachena nestas terras, rescatando un uso tradicional do monte e un patrimonio histórico que hoxe aínda sobrevive na festa da Chuleta de Moaña, un municipio no que, curiosamente, desapareceron as explotacións gandeiras.



Valentín Piñeiro foi elixido pola veciñanza para presidir a Comunidade de Montes de Meira

Este novo e, ao mesmo tempo, tradicional xeito de entender o monte xa principiou en Meira hai oito anos, cando @s 740 comuneir@s decidiron come-zar a substituír o eucalipto e o piñeiro por especies frondosas, fundamentalmente castiñeiro, do que xa teñen sete hectáreas en produción; esta actividade reforestadora complétana con outras especies como faias, bidueiros ou carballos, e conta agora co apoio de La Caixa, que lles concedeu unha subvención de 50.000 euros a fondo perdido durante tres anos.

Outros proxectos interesantes teñen que ver coa produción de cogomelos, impulsando unha experiencia de micorrización xunto á Universidade de Vigo; ou co monte como espazo de ocio, incluíndose estes eidos nas redes de sendeirismo coa rota das mámoas.

Toda esta diversidade de usos, segundo o tesoureiro da comunidade, Xesús García, "é unha adaptación do uso social que tivo sempre o monte aos novos tempos. A rendibilidade que lle saca-mos é tamén social: temos catro postos de traballo fixos todo o ano, que en xaneiro pasarán a ser sete, toda xente da parroquia de Meira. E se grazas á introdución do gando se crean un ou dous postos de traballo máis, pois ese será o beneficio que obteña a comunidade".


A orientación social do monte tamén se ve en iniciativas como invitar ao alumnado dos colexios de Reibón e Aguía, ambos da parroquia a plantar árbores; na cesión de terras para facer un circuíto de adestramento canino; na formación de persoal para traballos forestais; ou na creación de áreas recreativas.

Sindicato Labrego, Frouma e ORGACCMM presentan a súa proposta contra o lume

O pasado 10 de outubro, reuníanse en Compostela o SLG, a Organización Galega de Comunidades de Montes, e a Asociación Forestal Frouma, co director xeral do sector, Alberte Blanco.

Por parte do Sindicato Labrego asistiron Manuel da Cal e Carme Freire, mentres que Mariam Ferreira representou a Frouma; e en nome de ORGACCMM estivo o seu presidente, Alfredo Pereira. O motivo do encontro foi presentarlle ao director xeral de Montes un documento conxunto no que se facían propostas, a curto en longo prazo, para atallar a praga de lumes que, ano tras anos, sofre Galiza.

Estas propostas, das que xa ser falou polo miúdo no Fouce 247, suxiren a necesidade de realizar fondos cambios estruturais na política agraria e forestal de Galiza para dar solución definitiva a este problema


A Xunta xa ten nas súas mans as propostas forestais feitas polo SLG, Frouma e ORGACCMM

Nace unha adega para embotellar a tradición dos devanceiros

Unha decena de viticultores e viticultoras de Barro únense para elaborar viño a partir dos seus viñedos

En Barro, na denominación de orixe Rías Baixas, un grupo de dez viticultores e viticultoras veñen de coller a tixola polo mango para non volver deixar que outros se sigan lucrando a costa da súa tradición vitícola.

Como? Pois fundando unha adega na que elaborar o seu propio viño. Aínda sen bautizar, se hai algo que teñen claro é unha aposta inequívoca pola calidade a partir dese saber herdado dos devanceiros.

A xerente desta nova adega, Salomé Cancela, encerra nela a historia da que bebe esta empresa para definir a súa personalidade. Seu avó seleccionaba moi ben as uvas antes de facer o viño, e non deixaba "nin unha verde, nin unha podre, nin unha seca"; un mes e medio antes da vendima, esfollaban as parras para que o sol entrase ben nos acios; daquela, Barro abastecía de viño a Pontevedra.

Xa seu pai viviu o *boom* do Albariño e as novas esixencias para a elaboración de viño, factores que obrigaron a abandonar a elaboración para vender directamente unha uva, que se chegou a pagar a cincocentas pesetas o quilo.

Agora, cando xa se plantaron ben cepas de Albariño como para abastecer a Rías Baixas, Salomé, farta de que se traballasen os viñedos sen saber a canto se vai pagar a uva para que outros se lucrasen da súa tradición, decidiu volver a elaborar viño, adaptándose ás novas esixencias do mercado pero sen abandonar a tradición da que vén. E con ela outr@s dez socios e socias co mesmo sentir e parecer.

En total, farán un investimento que roldará os 300.000 euros, dos que boa parte irán á compra dunha maquinaria orientada á elaboración dun viño de primeirísima calidade. O enólogo, e tamén socio da empresa, Fernando Rodríguez, explica que a tradición que herdan "parte das propias cepas, algunhas con máis de cen anos, moitas de cincuenta, e outras novas que veñen da reestruturación e están comezando a dar. Esa tradición consiste en que o viño non se faga na adega, senón que se faga na propia parra. O que nos



Nesta nova adega de Barro conxúganse á perfección a tradición colleiteira da bisbarra coas máis modernas instalacións

dea a viña é o que nós imos embotellar, nin máis nin menos. Isto é o que nos levou a facer un desembolso moi forte en equipamento, nun bo equipo de frío, nunha prensa cunhas características enolóxicas favorábeis, etcétera. Non investimos en ladrillo, senón en producir calidade".

Precisamente, todo ese investimento por equipar a adega permitirá que poidan elaborar un viño que conteña todo aquilo que singulariza aos caldos tradicionais de Barro: o mimo das cepas, os viñedos emprazados nas ladeiras onde sempre estiveron, as técnicas culturais propias da zona. Fernando aclara que "a nosa idea á hora de montar a adega tamén ten o seu fundamento nas propias teses do Sindicato Labrego Galego. Aquí, a xente non sulfata por sulfatar, e vese un esmero por facer as cousas ben feitas".

Xente de Barro que busca algo máis ca vender as súas uvas

A altura do listón obrigou a que non todas as solicitudes de participación na empresa fosen aceptadas. De feito, rexeitáronse varias peticións "por non respectar o espírito co que nacía a empresa". Segundo explica Fernando, tod@s @s soci@s son de Barro, agás un, pero a súa plantación é exemplar. Non nos interesaba xente que nos ofrecese moita cantidade e que só buscase colocar a súa uva; máis ben, queriamos un perfil dun viticultor ou viticultora que fose máis alá, que tamén teña sido colleiteir@, e que teña ese amor e ese esmero por facer as cousas ben feitas. A nosa xente traballa, está implicada; xente que quere algo máis ca vender a súa uva: quere pór en valor a súa tradición".

Unha vez teñan o viño elaborado, quedaralles o reto de vendelo. Polo de agora moitas ideas, aínda que non definiron polo miúdo os detalles da súa política de comercialización. Para Salomé, "o que si está moi claro é o que non queremos facer. E o que non queremos facer é meter o noso viño nunha grande superficie comercial. Sabemos que vai ser un viño bo e de calidade, e queremos colocalo ben". Fernando engade a posibilidade de "facer diversas actividades de promoción, entre elas recuperar a tradición do abillamento, que era o costume segundo o cal, tras ferver o viño, a xente ía probar o viño da veciñanza. Así, o día que saquemos o viño, queremos que sexa unha festa, e ímolo abillar".



Salomé Cancela, como xerente, representará á adega na súa proxección exterior

Constitúense as comisións de seguimento da compravenda de uva por contrato

En setembro, constituíronse as comisións de seguimento da compravenda de uva a través de contratos, operativos en catro denominacións de orixe galegas. O SLG ten representantes en todas as comisións: Xosé Manuel González Vilas, no Ribeiro; Tareixa García Ferradal, en Ribeira Sacra; Antonio Álvarez, en Rías Baixas; e Raquel Biscaia, en Valdeorras.

Onde vai máis adiantado o proceso de comercialización é en Rías Baixas, onde a finais de outubro xa había 650 contratos feitos, a metade deles da adega cooperativa Martín Códax. Aínda que o período para formalizar contratos vencía o 20 de outubro, houbo que ampliar ata o 15 de novembro para darlle tempo a todos. Para Antonio Álvarez, "foi un acerto que Medio Rural fixese estes contratos, sobre todo co aumento de produción que houbo en Rías Baixas, que se disparou un 40% e, noutras circunstancias, daría problemas de prezo ou recollida da uva".

Nas outras tres denominacións de orixe con contratos, polo de agora aínda se está comezando co proceso, téndose constituído a comisión de seguimento en todas. No Ribeiro, atópanse nunha fase informativa na que se tentará facer ver aos viticultores e viticultoras a importancia de acollerse aos contratos. Xosé Manuel González Vilas adiantou que, nesta fase "vai a haber un intenso traballo do Sindicato Labrego para que o proceso vaia para adiante".

Tanto na Ribeira Sacra como en Valdeorras, ao peche deste Fouce estaban agardando a que saísen do prelo os impresos nos que se formalizarán os contratos, e prevían facer as primeiras reunións de seguimento do proceso durante o mes de novembro.

Finalmente, chegouse a un acordo co Igape que permitirá cobrar antes de que remate o ano a totalidade da colleita. Para iso, debe haber un contrato fiscalizado e selado pola comisión de seguimento e facturas.

nº 248
Novembro de 2006 FOUCE

O SLG fomentará a viticultura ecolóxica en toda Galiza

Comezou cun curso formativo realizado na denominación de orixe Monterrei

O Sindicato Labrego está a desenvolver un estudo sobre a viticultura labrega, os cambios que está sufrindo cara a un manexo mais intensivo e industrializado, e a utilización dos agroquímicos coas súas consecuencias. O estudo vaise desenvolver en todas as denominacións de orixe vitícolas do noso país, e xa se comezou a traballar en Monterrei.



González Vilas cargou cunha boa parte do peso das xornadas formativas en Verín

Actualmente, en Monterrei hai dúas persoas que practican unha viticultura ecolóxica. O obxectivo do SLG a longo prazo nesta denominación de orixe será traballar na viticultura ecolóxica dun xeito mais amplo, coa promoción de técnicas de manexo responsábeis co medio ambiente, e as posibilidades de reconversión do val cara a unha manexo biolóxico da viña, estudando as repercusións que tería este cambio en todos os ámbitos dunha viticultura diferenciada e de calidade, as vías de comercialización, etcétera.

A comarca de Monterrei conta cunhas orografía e climatoloxía que resultan idóneas para este sistema de produción, e engaden un plus para facerlle fronte á problemática da comercialización dos nosos viños.

No marco desta estratexia, o Sindicato Labrego desenvolveu, durante o mes de outubro, un curso sobre viticultura ecolóxica en Monterrei, que se saldou cun balance do mesmo e positivo segundo os viticultores asistentes ao mesmo.

Este curso, que se impartiu no salón de actos da casa da cultura de Verín, contou no seu arranque coa presenza do responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas. Nesa xornada inaugural, Vilas encargouse de facer a introdución ás clases cun relatorio sobre os estilos de agricultura ecolóxica, as súas definicións, e o regulamento vixente para poder certificar. Noutra xornada, o propio Vilas disertaría sobre a defensa vexetal e a trofobiose.

Sería tamén Xosé Manuel Vilas, acompañado pola responsábel de agricultura ecolóxica do SLG, Charo Sánchez Parga, que se encargaría de desenvolver temas como o coñecemento do solo vitivinícola e a súa fertilidade, o método Herody de análise, ou a elaboración de defensas e biofertilizantes. Neste senso, na aula, as persoas asistentes puideron realizar prácticas de elaboración de biofertilizantes, coa realización dun *supermagro*, que é un fertilizante utilizado polos movementos agroecóloxicos de América Latina. Realizouse tamén na viña dun dos asistentes unha práctica do método Herody, que consiste nunha análise que nos permite ter unha idea xeral da fertilidade e do estado dos nosos solos.

Outras partes interesantes do curso foron a participación do enólogo da adega do Ribeiro Coto de Gomariz, Xosé Lois Sebio, que falou do deseño de plantación e do manexo da parede foliar, criterio de deseño, poda e formación de cepa; ou a asistencia do tamén enólogo Xosé Manuel Martinez Juste, que expuxo as técnicas admitidas na elaboración de viños ecolóxicos.

O curso completouse cunha cata comentada de viños considerados de viticultura ecolóxica; unha mesa redonda baixo o título "A viticultura hoxe en Galiza"; e unha excursión á adega de Manuel Docampo Bacelos de Biobra , en Rubiá, Valdeorras, na que se puido coñecer en directo unha experiencia de elaboración e comercialización do viño.

Comeza o primeiro xuízo en España contra un militante do movemento anti-transxénicos


O pasado 19 de outubro, comezaba en Cataluña o primeiro xuízo contra unha persoa contraria ao cultivo dos transxénicos: Alber Ferré. Este membro da Plataforma Transgenics Fora, está acusado de ter participado nunha acción contra unha leira experimental de millo transxénico de titularidade pública, en xullo de 2003. Presentáronse como acusación particular a Universidade de Barcelona e o Instituto de Investigación Tecnolóxica e Alimentaria; ambos solicitan un castigo desproporcionado: 500.000 euros de multa e un ano de cárcere.

Durante o xuízo, Albert Ferré recibiu o apoio da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), Greenpeace, Ecolo-xistas en Acción, Rede de Sementes, Amigos da Terra, Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica, e o resto de organizacións da Plataforma Rural.

Este non é o único caso de represión sufrido polos movementos contrarios aos transxénicos. Outro labrego catalán, Josep Pàmies, enfróntase a unha petición de catro anos de cadea e 50.000 euros de indemnización por unha acción acontecida o 13 de setembro de 2003. Tanto no caso de Ferré, coma no de Pàmies, os campos onde se realizaron as protestas non cumprían a normativa de identificación e rexistro, a pesares de estar subvencionados con cartos públicos.

Tal e como recollen numerosos estudos científicos, o cultivo de transxénicos leva canda si riscos para o medio ambiente, a saúde humana e para a agricultura e alimentación en xeral. Cada vez son máis abondosas as contaminacións de produtos e cultivos non transxénicos por organismos xeneticamente modificados (OXMs), téndose demostrado que a súa liberación supón un perigo inmanexábel. En España, único país da Unión Europea cuxo goberno tolera o cultivo de transxénicos a grande escala, tanto co PP como co PSOE, existe unha inmensa falla de información, de control e de seguimento sobre a situación dos campos, o destino das colleitas, as variedades que se cultivan e o impacto destes cultivos sobre a saúde e o medio ambiente.

Nestas circunstancias, tanto labregos e labregas, como consumidores e consumidoras, atópanse nunha situación de absoluta indefensión fronte á agresiva política practicada pola industria biotecnolóxica, que semella ter decidido que a vía máis expeditiva para impoñer os transxénicos é a contaminación de toda a cadea alimentaria.



Albert Ferré é o primeiro enxuizado en España por loitar contra a política irresponsábel e temeraria do Goberno cos OXMs

As labregas cobrarán a paga por fill@s grazas á Secretaría das Mulleres

O secretario de Estado para a Seguridade Social comprometeuse a solucionar esta discriminación

Custou, pero por fin conseguiuse: as nais labregas con fill@s menores de tres anos poderán cobrar unha axuda de 100 euros mensuais. Para iso, a Secretaría das Mulleres do SLG tivo que recorrer á Xunta, ao Congreso dos Deputados, ao Instituto da Muller, aos tribunais, etcétera. E a Axencia Tributaria fixo, ata o de agora, ouvidos xordos a estas denuncias por discriminar a unhas traballadoras por non ser titulares da explotación na que traballan. Unha conquista da Secretaría das Mulleres supón un paso adiante na loita pola igualdade das labregas.

A coordinadora da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, viaxou do 23 ao 24 de outubro a Madrid, onde recibiu a nova de que a Secretaría de Estado para a Seguridade Social vai poñer solución, por fin, á discriminación que padecían as mulleres labregas á hora de percibir a axuda de 100 euros ao mes por ter fillos menores de tres anos ao seu coidado (a Axencia Tributaria obrígalles a devolver os cartos percibidos por este concepto, na declaración da renda, alegando que non teñen ingresos propios -normalmente, os ingresos da explotación entran a nome do cónxuxe-, e a pesares de ser profesionais da agricultura e de cotizar á Seguridade Social).



O SLG denunciou este problema ante a Secretaría Xeral de Igualdade, entre outras institucións

En concreto, a Secretaría de Estado para a Seguridade Social comprometeuse a atallar esta problemática por dúas vías: primeiro, creando un mecanismo de solicitude das axudas no que as labregas, a través dunha declaración xurada ou calquera outro documento, garantan que son profesionais da agricultura; e segundo, estudando os expedientes de todas aquelas labregas que recorreron a denegación das axudas -recursos de reposición, Tribunal Económico Administrativo, contenciosos, etcétera- para tramitar a súa inmediata solución.

Trátase dun avance moi importante na loita que o Sindicato Labrego estaba a levar a cabo en diversas frontes -Secretaría Xeral de Igualdade, Tribunal Económico Administrativo, Congreso dos Deputados, Instituto da Muller-; nembargante, a pesares desta boa nova, cómpre non esquecer que aínda queda moito por facer para que ás mulleres labregas sexan recoñecidas plenamente como titulares das explotacións familiares nas que traballan.

Como antecedente inmediato, hai que lembrar que, o pasado 4 de agosto, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego presentaba un recurso ante o Tribunal Económico Administrativo en Santiago de Compostela, despois de que a Axencia Tributaria desestimase numerosos recursos presentados por esta cuestión.

O caso chegou incluso ao Congreso dos Deputados, da man do BNG. Alí, os grupos parlamentarios concluíron que non era necesario ser titular para cobrar esa axuda, nin ter ingresos propios imputados, posto que a lei contempla a situación laboral das mulleres que colaboran nas actividades profesionais. Pero nin con esas. A Axencia Tributaria rexeitou o recurso da Secretaría das Mulleres, e desoíu as recomendacións do Congreso.

O pasado mes de setembro, a coordinadora da Secretaría das Mulleres do SLG denunciaba este problema ante a responsábel do Instituto da Muller, Rosa Perís, que o recoñecía como un caso claro de discriminación.

Agora, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego congratúlase do compromiso acadado pola Secretaría de Estado para a Seguridade Social, e agarda que se cumpra, rematando así con esta discriminación flagrante que están aínda a padecer as mulleres labregas.

O SLG fai as súas achegas á Lei de Servizos Sociais da Xunta

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego traballará para garantir o mesmo dereito dos cidadáns e das cidadás a dispor duns servizos sociais de calidade, independentemente do lugar no que vivan.

Esta máxima, xunto co obxectivo fundamental de artellar os servizos sociais dende o sistema público, ían ser as liñas mestras que guiarían a entrevista que a Secretaría das Mulleres do SLG mantivo coa secretaria xeral de Benestar da Xunta, María Xesús Lago, o pasado 9 de novembro, data na que o presente Fouce xa estaba pechado.

Nesta xuntanza, a responsábel da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba, tiña intención de transmitirlle a Lago as observacións do Sindicato Labrego Galego en relación coas bases da nova Lei de Servizos Sociais. Para a Secretaría das Mulleres, estas bases son demasiado asistenciais, sen que haxa unha clara aposta polo traballo preventivo e comunitario, de cara a superar situacións de precariedade.

Así e todo, Isabel Vilalba valorou moi positivamente a posibilidade de participación ofrecida dende a Secretaría Xeral de Benestar neste estadio inicial desta lei, de cara a conseguir uns servizos sociais de calidade tamén no medio rural.

No Fouce de decembro darase conta detallada dos pormenores deste encontro, que dá continuidade a outros que xa se mantiveron con Benestar.



O encontro coa secretaria xeral de Benestar dará continuidade a unha relación co Sindicato Labrego iniciada hai meses

Programa de abandono da produción leiteira 2006 / 2007

O abandono afectará a totalidade da produción leiteira e @ produtor/a deberá comprometerse na solicitude a facelo efectivo **antes do día 8 de decembro de 2006**. A indemnización a cada produtor/a concederase pola cota láctea individual, tanto de entrega a compradores como de venda directa, excluída a recibida da reserva nacional, que teña asignada o 1 de abril de 2006.

Poderán acollerse a esta indemnización @s produtores/as que desexen abandonar a produción de leite, pola totalidade da cantidade de referencia que tivesen asignada o 1 de abril de 2006.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

Poderanse acoller a estas axudas @s agricultores/as que sufrisen danos nos seus cultivos por causa do xabaril entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2006. @s titulares dos cultivos afectados deberán poñer o dano en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, nun prazo máximo de sete días, cunha chamada ao 900 18 61 86. Para ter dereito á axuda, o importe do dano deberá ser dun mínimo de 120 euros e un máximo de 1.200 euros, por campaña e beneficiari@.

Axudas estatais para paliar os estragos da vaga de lumes

O Boletín Oficial do Estado (BOE) vén de publicar as bases das axudas para paliar os danos dos incendios. Só se poderán solicitar polos danos de incendios acaecidos entre o 4 e o 14 de agosto nos municipios oficialmente afectados.

En canto aos danos nas explotacións gandeiras, só poden acollerse ás axudas aquelas que tivesen os animais e colleitas asegurados, con perdas superiores ao 20%. O prazo para pedir axudas remata o **27 de novembro.** A maiores, @s afectad@s poden solicitar a exención no pago de cotas da Seguridade Social ou a súa moratoria ata o **6 de xaneiro de 2007**.

Habilitación do carné de aplicador e manipulador de fitosanitarios

Esta orde senta as bases para habilitar os carnés de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, expedidos en Galiza, para a utilización de produtos que non sexan ou xeren gases clasificados como tóxicos ou moi tóxicos.

Os titulares dos carnés mencionados no punto anterior que estean interesados en obter a devandita habilitación, deberán ter superadas as probas de aptitude dos cursos homologados, en convocatorias anteriores á do ano 2006.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o **19 de decembro.**

Axudas para o acceso de mulleres á cotitularidade das explotacións

O obxecto desta resolución é establecer as bases que rexerán a concesión de subvencións ás mulleres labregas galegas para lles facilitar o acceso á cotitularidade das explotacións agrarias, das que unicamente é titular un home.

Poderán ser beneficiarias as mulleres desempregadas que acceden á cotitularidade dunha explotación agraria a través da alta no rexistro de explotacións agrarias prioritarias da Consellería do Medio Rural e da correspondente alta na Seguridade Social; e as mulleres que, en situación de alta na Seguridade Social, no réxime especial agrario por conta propia ou no de autónomas, acceden por primeira vez á cotitularidade dunha explotación agraria na que traballan.

As axudas consistirán nunha prima, por unha soa vez por explotación e beneficiaria, de 2.000 euros.

O prazo remata o 30 de novembro de 2006.

Axudas a titulares de parzarías e arrendamentos históricos para acceder á súa propiedade

No Diario Oficial de Galiza do 27 de outubro publicáronse as bases reguladoras das axudas para facilitarlles aos titulares de arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza o exercicio do dereito de acceso á propiedade dos predios arrendados ou levados en parzaría.

Poderán beneficiarse das axudas previstas neste decreto aquelas persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías se cumpren os requisitos esixidos nesta orde. A solicitude será posterior á adquisición dos bens, e deberá facerse antes do **30 de novembro de 2006**. Máis información, nas oficinas do Sindicato Labrego.

Axudas para repoñer gando bovino por sacrificio en programas de erradicación de enfermidades

Axudas de concesión directa aos titulares de explotacións de gando bovino para a compra de animais da citada especie que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións en que se ordene o sacrificio de animais da especie bovina existentes nela, tras a realización do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación de brucelose ou tuberculose.

Para poder ter dereito ás axudas establecidas nesta orde, é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O **prazo** de presentación de solicitudes será ata o **21 de novembro** do ano 2006.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
Carro mesturador de 9 m3, con fresa. Tres anos e medio de uso.
Chamar ao 625 871 440

Véndense
Xovencas frisonas con carta.
Chamar ao 982 164 477

Véndense
-Fresadora HOWER 2.20 de labor.
-Reper de cinco dentes con subsolador.
Chamar ao 686 118 173

Véndese
Finca rústica de dúas hectáreas preto d'As Pontes.
Chamar ao 646 964 335

Véndese
Autocargador galvanizado de 22 metros.
Preguntar por Francisca no teléfono 981 788 221

Véndense
Vaca Rubia Galega de seis anos, cunha cría de seis meses.
Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112

Véndese
Carro mesturador horizontal, de 10 m3, marca NUTRIFEED. Ten báscula electrónica, pé hidráulico e só dous anos de uso.
Chamar ao 676 902 914

Véndese
Xata de 14 meses de raza Cachena.
Chamar ao 982 314 118

Véndese
Esparexedor de esterco. En Touro (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084

Véndese
Autocargador POTTINGER Europrofi 1. En moi bo estado.
Preguntar por Gilo no teléfono 676 622 40

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
Autocargador CALGRI de 20 metros. Prezo: 1.200 euros.
Chamar ao 982 177 080

Véndense
-Tractor SAME 60 con dobre tracción.
-Escampeadora.
-Triciclo.
-Desensilador KUHN.
-Grade de dentes.
-Secadora CAMON.
-Rotoempacadora FARAVOLY.
-Remolque de tractor.
-Rastrillo mixto.
-Fresadora 170 HOWARD.
-Arado de dúas vertedoiras.
Chamar ao 981 199 048

Véndese
Trigo do país, calidade extrema.
Chamar ao 653 781 267

Véndese
Moto de trail YAMAHA Teneré 600. Impecable.
Chamar ao 696 105 786

Véndese
Casa de pedra no lugar de Vilares, en Fisteus (Curtis), con terreo ou sen el.
Chamar ao 625 096 129

Véndense
-Desensiladoras, varios modelos.
-Fresadoras (varios modelos).
-Abonadoras.
-Ringleiradores.
-Rotativas (2'50 de corte).
-Remolques.
-Cisterna de 8.000 litros.
-Tractores (varios modelos).
Chamar aos números de teléfono 679 966 032 e 982 153 182

Véndense
-Tractor FIAT 7066.
-Segadora BERTOLINI.
-Desensiladora KUHN.
Chamar aos números de teléfono 981 490 656 e 678 334 312

Véndese
Espalladora antiga con limpadora incorporada. En bo estado.
Chamar ao 981 684 589

Véndense
-Bomba trifásica de trasegar viño.
-Trituradora trifásica.
Preguntar por Xulio Francisco Boo no 636 900 607

Véndese
Malladora-espalladora de trigo na eira, marca CAMPEBA.
Chamar ao 981 684 589

Véndense
-Máquinas de limpar trigo.
-Muíño de tractor.
-Muíño de corrente.
Chamar ao 982 175 132

Véndense
-270 gaiolas polivalentes para coellos.
-Motor redutor para limpeza de foxas.
Todo en bo estado. En Berea (Ourense).
Chamar ao 988 457 400, ás 15:00 horas ou pola noite.

Véndense
14 módulos polivalentes para cría ou engorde de coellos, modelo Rodeiro compacto.
Chamar ao 616 465 077

Véndese
-Segadora BCS, con 5 anos de uso.
-Autocargador JB con pico novo.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 696 660 023

Véndese
Cuba de madeira en bo estado, cunha capacidade de 80 canadas (3.300 litros), aproximadamente.
Chamar ao 982 171 663, entre as 14:00 e as 15:30 horas.

Véndense
-Remolque rotativo JUSCAFRESA, de 15 metros.
-Arado de monte mediano.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Véndense
-Trigo do país.
-Porcos campestres de cruce celta.
-Herba seca en rolos grandes.
-Semente de herba raigrás italiana, deste ano.
Chamar ao 881 060 123

Véndese
Circuíto WESTFALIA, de tres puntos, con lavado automático.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615

Véndense
22 vacas marcadas de Rubia Galega, na provincia de Ourense.
Chamar ao 607 403 883

Véndense
-Ocas.
-Muíño eléctrico e de tractor.
-Coche Nissan Almera DDI Turbo Diesel, 110 CV, 16 v. 5 anos e en bo estado. Bo prezo.
-Coche Renault Megane Turbo Diesel 90 CV. Con 9 anos e en bo estado. Bo prezo.
-Mobiliario de habitación: cama de 1'20, coqueta, 2 mesiñas e 1 lámpada. Con dous anos, de madeira de faia e en bo estado.
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 e 981 774 561

Véndense
-Coche FORD Mondeo turbo diesel, matrícula C-BK.
-Tractor JOHN DEERE 818.
-1 Quad de 2'5, con 400 quilómetros, seminovo.
Preguntar por Quico no teléfono 610 737 315

Véndese
-Rotativa DEUTZ FARH de 1'90 de corte.
-Tanque de leite JAPY de 1.200 litros e de expansión directa.
Chamar ao 619 255 136, pola mañá.

Véndese
Nave en Coirós: 1.200 m2, 2 plantas, valada, con corrente eléctrica, 3 pozos de auga, non apta para gandería, apta para o cultivo de flor. En bo estado.
Chamar ao 696 831 373

Véndense
-2 tanques de frío de 250 e 100 litros.
-1 motor de muxidora WESTFALIA
-1 xovenca de dous anos próxima ao parto.
Chamar aos números de teléfono 981 790 331 e 679 462 072

Véndense
-Cultivador de 11 brazos.
-Abonadora VICON.
Chamar ao 628 071 424

Véndese
Ordenador de 2 MG en bo estado. En Abadín (Lugo)
Preguntar por Manolo no teléfono 616 060 146

Véndese
Casa de pedra con finca de 2 hectáreas en Pino (Cospeito).
Preguntar por Isolina no teléfono 687 152 226

Véndese
Cisterna de 3.000 litros. En bo estado.
Chamar ao 609 733 289

Véndese
Peuegot 206 diesel, por ampliación de familia. En bo estado. Prezo: 5.000 euros.
Chamar aos números de teléfono 619 348 426 e 981 805 002

Véndese
Herba seca en rulos.
Chamar ao 981 681 103

Véndense
-Tanque de frío de 1.250 litros, de dous muxidos.
-Circuíto de 4 puntos, con bomba de 900 litros e unidade final de 60 litros. Trifásico.
Chamar ao 690 227 628

Véndense
Rolos de herba seca en Santa Cristina, Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 505 755

Véndese
Desensiladora VICON.
Chamar aos números de teléfono 982 164 075 ou 699 054 057

Véndense
Cabras de cabritos.
Chamar ao 986 684 111

Véndese
Bañeira de frío de 630 litros.
Chamar ao 699 185 077

Véndese
Colleita de millo a bo prezo.
Chamar aos números de teléfono 982 187 949 ou 630 692 366

Véndese
Prensa manual para facer queixos. En bo estado.
Chamar ao 609 773 289

Véndense
-Ocas.
-Unha segadora con remolque incorporado.
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 ou 981 774 561

COMPRAS

Mércase
Invernadoiro, na zona de Crecente.
Chamar aos números de teléfono 986 666 302 e 670 714 232

Mércase
Cisterna de 1.000 ou 1.500 litros.
Chamar aos números de teléfono 986 665 353 ou 605 254 669

Mércase
Depósito de aceiro inoxidábel, apto para fermentación, de 500 a 1.000 litros.
Chamar ao 658 479 254

Mércase
Fresa de 2'30 metros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Mércase
Clasificadora de ovos antiga. Urxente.
Chamar ao 630 640 136

Mércanse
-Desbrozadora de 1'5 metros de ancho.
-Autocargador rotativo.
Preguntar por Antonio no teléfono 680 385 068

Mércanse
Conxelador e neveira.
Chamar ao 881 060 123

Mércanse
Cornadizas (unhas 20 unidades).
Chamar aos números de teléfono 982 164 075 e 699 054 057

OUTROS

Búscase
Operario para traballar en explotación.
Chamar ao 653 781 267

Búscase
Terreo de máis de 5.000 metros, con construcións ou non.
Chamar ao 619 075 640

Ofrécense
Para facer traballos de recollida e transporte de millo e herba. Na zona de Sobrado, Curtis e Vilasantar. O traballo farase por orde de contratación.
Chamar pola noite e preguntar por Xosé Antonio nos teléfonos 636 615 838 e 981 787 579



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

FOUCE

Felisindo López Fernández, viticultor e membro da Dirección Nacional do SLG

En tempos, tivo unha hectárea de viñedos en San Martiño de Outeiro, n'A Rúa, en plena denominación de orixe Valdeorras. Ademais de vender a uva, facía viño, e estivo a piques de constituír unha adega de colleiteiro. Nun contexto no que a política da Xunta consistía en subvencionar grandes adegas, Sindo atopouse con demasiadas trabas burocráticas e obrigas sanitarias inasumíbeis para un pequeno viticultor, polo que non foi para adiante. Hoxe, a piques de retirarse, aínda conserva 3.000 metros de viñedo con variedades como Mencía, Grao Negro ou Godello.

"Por moito contrato que haxa, se as adegas non mercan uva non temos nada que facer"

■Na época que estamos, cómpre empezar falando da vendima. Como foi en Valdeorras?

Marchei de viaxe antes de que rematase a vendima, polo que non teño aínda datos frescos. Antes de partir, aínda quedaba uva nas viñas, e de seguro que quedou moita sen coller. Tamén me consta que os prezos foron mínimos porque as adegas non querían mercar e, se o fixeron, fixérono no último intre. Viñéronme amigos a preguntar se sabía quen sacaba uva, porque a adega ou a cooperativa que lles mercaba sempre non a collía. Eu vin a esta xente moi desesperada e con ganas de darlle as uvas a quen llas levase e ao prezo que fose. Mesmo sei de colleiteiros que levan dous anos agardando para cobrar, e de seguro que seguirán sen ingresar un peso porque a adega á que lle venderon non lle vai mellor.

■A que se debe isto?

Creo que a un modelo trabucado que se impulsou dende o anterior Goberno da Xunta. Hoxe temos grandes adegas que recibiron subvencións millonarias, pero que teñen o viño parado. O PP dedicouse a subvencionar a adegueiros e a empresarios que non tiñan nada que ver co sector, pero esqueceuse dos viticultores e viticultoras.

■Pero polo menos, agora, temos uns contratos homologados que nunca houbo.

O tema dos contratos homologados foi unha proposta do Sindicato Labrego. Eu agardo que, no futuro, teñan valor e que a xente os acepte. O que pasa é que as grandes adegas que subvencionou a Xunta xa teñen suficiente uva nos seus propios viñedos para facer o viño. Daquela, por que van mercala fóra? Poderán coller algunha, pero sempre vai quedar desprotexida unha boa parte do sector. Ademais, tamén hai moita xente que non acometeu un proceso de reestruturación, e aínda seguen con castes como Xerez ou Alacante, que na Galiza teñen pouco valor e que non están amparadas polos contratos.



A pesares de estar a piques de retirarse, Sindo aínda traballa 3.000 metros de viñedos

Nas conversas que tiven coa xente ao falar do tema das mesas do viño, unha das respostas máis xeneralizada que me deron foi "E que pasa se non nos aceptan o contrato? Que facemos? Quen nos merca as uvas?". Por moito contrato homologado que haxa, se non se merca a uva non hai nada que facer. E non podemos obrigar ás adegas a mercar. Hai cinco anos, si. Hai cinco anos é cando se deberían ter aprobado estes contratos, cando aínda se lles estaba a dar boas subvencións ás adegas; entón, podíase condicionar a concesión das axudas a que as adegas mercasen uva a un prezo mínimo estipulado.

"Fixéronse boas adegas, pero sen ter en conta que cumpría vender o viño"

■Daquela, un dos peores problemas de Valdeorras que segue sen solucionar é a comercialización?

Aquí fixéronse moi boas adegas coas subvencións, pero sen ter en conta que despois debían vender o viño, e sen saber que tipo de mercado era o idóneo para lanzar o seu produto. O mercado está moi difícil, con viños de calidade que veñen de calquera parte do mundo e a prezos moi competitivos. Ese foi un dos erros máis grandes que se cometeu no sector e que imos pagar nos vindeiros anos.

Aí fallamos, e habería que buscar outros xeitos de introducir o viño no mercado. O viño elaborado con uva Godello, por exemplo, padece o problema de que non ten toda a aceptación que debera, cando fai un dos mellores brancos do mundo. Ao viaxar fóra, sempre levo unha caixa de Godello. Estiven en Alemaña, Valencia, Canarias, etcétera, e todo o mundo fica impresionado co noso viño, pero non o coñecen. Eu culpo disto á Xunta, que apoiou grandes campañas de promoción para Rías Baixas, e mesmo para o Ribeiro, esquecéndose de denominacións como Valdeorras. Agora, o Godello ten un prezo ridículo, o que fai que a xente non se anime a plantalo. Se non proxectamos o Godello cara aos mercados internacionais, ficará oculto sen que ninguén o coñeza.

■Non todo é negativo. Hoxe, polo menos, dialógase nas mesas do viño.

O diálogo de hoxe existe grazas a un traballo moi duro do Sindicato Labrego que, dende hai anos, vén teimando coas mesas do viño. A pesares das negociacións que houbo, eu aínda non notei grandes diferenzas con respecto a outros anos no sector. Temos que pensar que o noso pobo é moi refractario aos cambios, e que, no sector do viño -en concreto, colleiteiros e colleiteiras- predomina xente maior que, no meirande dos casos, tiraron a toalla. Aí está o grande problema. Como xa tiraron a toalla, se lle sacan algo ben e, senón, tanto lles ten, porque cobran a xubilación.

"Levamos unha década durmidos en nome do Mencía e do Godello"

■Vostede tentou facer unha adega de colleiteiro. Pensa que ese é un bo camiño para mellorar?

Dende hai tempo, teño o convencemento de que deberiamos ir cara a un modelo de adega entre 10.000 e15.000 litros de produción, que elaborase un viño de calidade superior coas variedades autóctonas que hoxe están desprestixiadas. A xente que optou por esta vía, demostra que é o camiño correcto, e están a ter un bo resultado no mercado.

En Valdeorras, podemos facer o viño que queiramos, do mellor de Galiza, pero falta experimentación para anovar e mellorar. Levamos máis dunha década durmidos en nome do Mencía e do Godello.

■Hai máis fórmulas para atallar os problemas de Valdeorras?

A curto prazo, eu non vexo saídas. Sigo considerando básico que as adegas, que agora son o motor do sector, estean unidas. Non pode ser que, nun consello regulador tan pequeno como Valdeorras, unha pequena porcentaxe de adegas apoien ao consello, e que ao resto non lles interese. Hai que sentarse a falar.

Cómpre que adegas, consello regulador e colleiteir@s, senten para chegar a acordos. Pero non se fai, e eu culpo ás adegas de non dar ese paso, e mesmo de enganar a todo o mundo, pois é falso que estean vendendo o viño ao prezo que din. O viño está parado e as uvas quedan nas cepas, esa é a realidade. Se non son posíbeis esa unión, ou se non se atopan solucións a este problema, a Xunta deberá buscarlle á xente mellores alternativas para traballar.